

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 171/2015

En data 02.06.14 por Providencia Alcaldía iniciouse expediente de contratación do contrato de servizo de mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas.

Visto que, dadas as características do servizo e vistos os informes de Secretaría e Intervención de 30.05.14, estímase que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

Visto que o día 24.11.14 se redactaron e incorporaron ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescrición técnicas, que rexerán a adxudicación do contrato.

Visto o informe de 24.11.14 conxunto de Secretaría e Intervención, e visto que se trata dunha tramitación anticipada de gasto (art. 110.2) quedando supeditado á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2015.

De conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, aprobouse en data 24.11.14 (Resolución de Alcaldía nº 485/2014) o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, do contrato de servizo de mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas.

Na mesma Resolución aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e ordeouse a publicación de anuncio no BOP e no perfil do contratante.

En data 19.12.14 publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de vinte (20) días hábiles os interesados puideran presentar as proposicións que considerasen pertinentes.

A esta contratación se presentaron as seguintes empresas:

1. ZARDOYA OTIS, S.A..
2. ASCENSORES ENOR, SA.
3. KONE ELEVADORES, S.A.

En data 28.01.15 procedeuse á apertura do sobre A, con carácter non público, declarando as tres empresas presentadas como admitidas.

A continuación, procedeuse, en sesión pública, a apertura do sobre B.

A Mesa de Contratación propón en data 03.02.15 declarar como oferta máis vantaxosa do contrato de servizo de mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas, mediante procedemento aberto, á empresa ASCENSORES ENOR, S.A., ao obter unha puntuación de 16,00 puntos, axustándose ó PCAP e ó PPT, declarándose mediante Resolución de Alcaldía nº 65/2015 de 12/02/2015 como oferta máis vantaxosa a presentada pola empresa ASCENSORES ENOR, S.A.

Vista a documentación presentada pola citada empresa con data de 06/03/2015 e previo requirimento de subsanación con data de 23/03/2015.

Visto o informe do ORAL de que non figura como debedor en período executivo da Facenda municipal de data 13/03/2015.

Visto o informe da Intervención municipal de data 15/04/2015.

A Mesa de Contratación propón en data 09.04.15 adxudicar o contrato de servizo de mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas, mediante procedemento aberto, á empresa ASCENSORES ENOR, S.A.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de CSP,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar o contrato do **MANTENIMENTO DE ASCENSORES, PORTAS AUTOMÁTICAS E SALVAESCALEIRAS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS**, a **ASCENSORES ENOR, SA**, con CIF A-36650992, por un importe de **2.616,00 € máis un IVE de 549,36 €, ascende a un total 3.165,36 € (IVE incluído)**, máis as melloras ofertadas en data 09.01.15, e que son as seguintes:

- Oferta de contía anual en concepto de reparación con relevo dos elementos deteriorados e reparación de avarías por un total de **1.816,21 € (IVE incluído)**.
- Que ofrece como tempo para a personación nas dependencias municipais unha vez recibido o aviso do incidente por parte do Concello **15 minutos**.

Segundo. Notificar ó adxudicatario a presente resolución e requirirllle para a sinatura do mesmo en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da notificación da adxudicación, todo isto de conformidade co artigo 156 Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP. O contrato terá unha duración de 48 meses sen posibilidade de prórroga.

Terceiro. Notificar ó adxudicatario para que, segundo se recolle no artigo 75 do RCAP, ingrese na conta do Concello a cantidade de 117,80 € en concepto de gastos por publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cuarto. Notificar a todos os interesados no procedemento e publicar a adxudicación do contrato no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Ponte Caldelas, 15 de abril de 2015

O Alcalde,



Asdo: Perfecto Rodríguez Muíños

O Secretario,



Asdo: Jacobo Barreiro Pimentel